

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR 2022 (PERSONAL LABORAL TEMPORAL)

Por proposta dos servizos sociais conséntase a necesidade de contar cunha nova auxiliar do servizo de axuda no fogar (SAF), xa que a listaxe actual está esgotada por falta de candidatas adecuadas. Adáptanse as bases do acordo da Xunta de Goberno Local do 17-7-2020 (incorporacións á bolsa), coas variacións necesarias.

En base ás facultades de xefe de persoal e dirección dos servizos municipais que me confire a lexislación, tras a análise da citada solicitude, dito a seguinte

RESOLUCIÓN:

1. Apróbanse as bases para a contratación de 1 auxiliar do servizo de axuda no fogar (SAF), tal e como se transcriben integramente no anexo, con realización pola Alcaldía a oferta de emprego ao servizo público.
2. Proceder á convocatoria para a contratación da listaxe, mediante o chamamento telefónica ás persoas incluídas nas remisións de currículos do servizo público de emprego (Emprega Galicia).

ANEXO

BASES DO PROCESO PARA A CONTRATACIÓN DE 1 AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. OBXECTO.

A contratación de 1 auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Irixoa, ao tempo de contribuír a mellorar a situación dos/das desempregados/as no municipio.

Período: do 24-3 ao 23-9-2022, ambos incluídos (6 meses).

Xornada: completa.

Salario: 1.200 € brutos (co prorrateo de pagas extras incluído)

2. REQUISITOS.

- a) Ser español/a ou cidadán/a dun país membro da U.E.
- b) Estar en posesión do certificado de profesionalidade da especialidade, título de formación profesional regrada de grado medio de atención sociosanitaria, ou equivalentes.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- e) Non acharse inhabilitado/a para o exercicio de cargos públicos.
- f) Ter máis de 18 anos e menos de 65 anos.

g) Dispoñer de permiso de condución tipo B e dispoñibilidade de vehículo para desprazarse polo concello.

h) Deberá estarse en situación de desemprego, ou no seu caso de mellora de emprego.

A participación neste procedemento non queda suxeita a taxa municipal, é dicir será de balde.

3. OBXECTO. O obxecto do traballo será o desenvolvemento do traballo propio das auxiliares do servizo de axuda no fogar.

4. SELECCIÓN DAS ASPIRANTES. A selección dos aspirantes realizarase pola Comisión de Valoración e Selección prevista nestas bases, polo procedemento de CONCURSO. A baremación do currículo farase de acordo aos seguintes criterios:

a) Experiencia de traballo profesional como auxiliar de axuda no fogar na Administración Pública, por contratación directa ou en empresa contratada pola administración: 0,10 puntos por mes completo a xornada completa, ata un máximo de 2,50 puntos.

b) Experiencia de traballo profesional como auxiliar de axuda no fogar no sector privado: 0,05 puntos por mes completo a xornada completa, ata un máximo de 1,50 puntos.

c) Residir no termo municipal de Irixoa ou limítrofes (polo suposto coñecemento do termo municipal):

- antigüidade de máis de 1 ano: 1 punto por cada ano de residencia completo (máximo 3 puntos).

- residir nos concellos limítrofes con antigüidade superior a 1 ano: 0,5 puntos por ano de residencia completo (máximo 2 puntos).

d) Permanencia en situación de desemprego:

- 0,2 puntos por mes continuado (máximo 3 puntos).

e) Permanencia en situación de mellora de emprego:

- 0,1 puntos por mes continuado (máximo 1,5 puntos).

f) Situacións especiais:

- ser muller vítima da violencia de xénero: 1 punto.

5. FASE DE ENTREVISTA. A comisión de valoración e selección, unha vez realizada a valoración dos currículos, reservarase o dereito a convocar ás aspirantes a unha entrevista que avalíe as súas aptitudes ou aclare algún aspecto dubidoso dos méritos; os aspirantes, segundo o resultado da entrevista, poderán obter nesta fase unha puntuación adicional, como máximo ata 2 puntos.

6. INSTANCIAS: Presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Irixoa, ou a través doutros rexistros contemplados na Lei 39/2015. As instancias deberán acompañarse de copia dos documentos acreditativos dos requisitos esixidos na base 1 e méritos da base 5 (titulación, acreditación dos períodos traballados, a través de informe de vida laboral con contratos ou certificados de empresa, antigüidade desemprego/mellora de emprego, etc) e méritos alegados. A falta de presentación dos documentos acreditativos dos méritos alegados no prazo de presentación de instancias, determinará a imposibilidade de valorar devanditos méritos, non podendo ser emendado a posteriori. Os datos sobre residencia e empadramento no termo municipal de Irixoa aportaranse ao expediente de oficio polo concello.

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS. O prazo de presentación de instancias establecerase en CINCO (5) DÍAS HÁBILES, a partir do seguinte á data do presente acordo. Para facilitar a presentación o concello fará unha oferta xenérica ao servizo público de emprego, comunicando a preselección de dito servizo aos interesados co obxecto de que poidan presentar a solicitude. Non obstante, calquera persoa interesada que cumpra os requisitos poderá presentar a solicitude de participación.

8. SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DA AUXILIAR. A comisión valoradora realizará a admisión de aspirantes, valoración de méritos e acta de selección no seguinte día hábil, posterior ao prazo de presentación de instancias. A selección será publicada no taboleiro de anuncios municipal, outorgándose un prazo de 1 día hábil para a presentación de reclamacións e alegacións. A selección definitiva será realizada pola Alcaldía mediante resolución, coa correspondente sinatura do contrato de traballo; este contrato queda sometido a un período de proba de 15 días naturais.

9. RECURSOS. As participantes poderán recorrer a resolución da Alcaldía por medio do recurso de reposición e o recurso contencioso-administrativo.

10. INCORPORACIÓN Á BOLSA ACTUAL. A aspirante seleccionada poderá incorporarse á bolsa actual, no posto que corresponda segundo a puntuación obtida, se así o manifesta na instancia de solicitude. Por proposta da comisión avaliadora poderán realizarse outras incorporacións voluntarias, entre as solicitantes non seleccionadas para a contratación.

11. COMISIÓN VALORADORA: A comisión de valoración das aspirantes terá a seguinte composición:

Presidenta: María José Gutiérrez Álvarez (traballadora social).

Suplente: Úrsula de la Barrera Fernández (orientadora laboral)

Vogal: M^a Isabel Bouzón López (auxiliar administrativa)

Suplente: Ramiro Cal López (oficial informático)

Secretario (con voz e voto): José Fernando Espada Orgeira (xefe de negociado)

Suplente: Alejandro Alonso Figueroa (secretario-interventor-tesoureiro)

12. INTERPRETACIÓN DAS BASES. A comisión valoradora queda facultada para interpretar as presentes bases, podendo actuar coa flexibilidade suficiente para lograr o obxectivo das mesmas: contratación da auxiliar e posibilidade das incorporacións á bolsa de traballo.

13. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS. De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Irixoa, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento da contratación laboral deste. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición, segundo o disposto na Lei, mediante contacto co noso delegado de protección de datos no seguinte enderezo: Pazo de Irixoa nº 6-A, 15313 IRIXOA, A Coruña.

14. **NORMATIVA DE APLICACIÓN.** O proceso selectivo rexerese polas presentes bases e polo disposto na seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, de Texto refundido de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do e 23 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

15. **PRÓRROGA DA BOLSA DE CONTRATACIÓN:** A bolsa vixente de contratación de auxiliares SAF, actualmente con previsión de remate o 3-12-2022, queda novamente prorrogada ata o 31-12-2024, na composición que resulte da presente convocatoria.

16. **IMPUGNACIÓN:** A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Contra este acto, que pon fin a vía administrativa, poderase interpor:

- potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP.
- o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de devandita publicación.
- sen prexuízo de interpor os recursos que se estimen máis axeitados polos interesados.

Irixoa, __ de marzo de 2022

Diante miña

O ALCALDE

O SECRETARIO

Antonio Deibe Sanmartín

Alejandro Alonso Figueroa